

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 8 DE XULLO DE 2016

FAVORABLES.-

LIC/1656/2015.- JOSÉ CASTRO GIGIREY.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar adosada en Camiño dos Vilares nº 178.

LIC/395/2015.- MANUEL SUÁREZ CANELO.- Conceder licenza para executar as obras de edificio destinado a pensión na rúa dos Concheiros nº 46.

LIC/1919/2015.- OBRADOIRO INMUEBLES, S. L.- Conceder a licenza para executar as obras de reforma integral dun edificio para construción de tres vivendas en rúa de Sar nº 31.

LIC/1769/2015.- MARÍA ISABEL REGUEIRO BOTANA.- Conceder a licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en lugar de A Sionlla.

LIC/1867/2015.- CONSTRUCCIÓN REHABILITACIÓN Y REFORMAS S.L.U.- Conceder a licenza para executar as obras de instalación dun ascensor en edificio de vivendas en rúa García Prieto nº 57.

RECURSO DE REPOSICIÓN.-

LIC/347/2016.- MARÍA DE LA BARCA VIEITES LÓPEZ.- Desestimar o recurso de reposición presentado contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de 29 de abril de 2016 polo que se acordou denegar a segregación dunha parcela en solo rústico, ordenanza 17, de protección forestal sita en lugar de Marrozos.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación de cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar adosada en Camiño dos Vilares nº 178. LIC/1656/2015. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de edificio destinado a pensión na rúa dos Concheiros nº 46. LIC/395/2015. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de reforma integral dun edificio para construción de tres vivendas en rúa de Sar nº 31. LIC/1919/2015. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en lugar de A Sionlla. LIC/1769/2015. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de instalación dun ascensor en edificio de vivendas en rúa García Prieto nº 57. LIC/1867/2015. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á desestimación do recurso de reposición presentado contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de 29 de abril de 2016 polo que se acordou denegar a segregación dunha parcela en solo rústico, ordenanza 17, de protección forestal sita en lugar de Marrozos. LIC/347/2016. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á desconsignación e pagamento das cantidades relativas ás parcelas

148-5 e 148-6 do proxecto técnico de expropiación para a execución do Xardín Botánico (1ª fase). Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á ratificación da cesión de diversas prazas no aparcamento Ponte Castro-A Rosa. Apróbase a proposta.

10.- Recepción de obras. Apróbase a recepción das obras "Almacén para A.VV. de Angrois"

11.- Recoñecemento extraxudicial de crédito. Apróbase a proposta.

12.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa a dar conta da asignación de anticipo de transferencias finalistas correntes para o financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios deste Concello. Apróbase a proposta.

13.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do anticipo da subvención do programa "ESCOLA DE SAÚDE E ENVELLECIMENTO ACTIVO". Dase conta de que a Deputación da Coruña aprobou o aboamento do anticipo da subvención correspondente á convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para a realización de programas de envellecemento activo. O importe da subvención é de 3.000 euros e o anticipo será de 1.500 euros.

14.- Devolución de fianzas. Apróbase a proposta.

15.- Aprobación de texto de convenio nominativo coa Fundación Gonzalo Torrente Ballester para o ano 2016. Apróbase o convenio, polo que o Concello lle fai unha achega de 15.000 euros á Fundación.

16.- Aprobación de texto de convenio nominativo co Numax para o ano 2016. Apróbase o convenio, polo que o Concello lle fai unha achega de 12.000 euros á Sociedade Cooperativa Galega Numax.

17.- Aprobación de texto de convenio nominativo coa Asociación Cultural Musical Contoneson para o ano 2016. Apróbase o convenio, polo que o Concello lle fai unha achega de 4.000 euros á asociación cultural.

18.- Inicio expediente de contratación do servizo de implementación do programa de apoio para a inclusión social. Apróbase a apertura do proceso de adxudicación, mediante procedemento aberto, e cun tipo de licitación de 41.992,34 euros, exento de IVE.

URXENCIAS

1.-Ampliación do horario dos establecementos de hostalería durante as festas do Apóstolo e San Roque. Acórdase que o Concello informe favorablemente da ampliación dunha hora do horario de peche dos establecementos de hostalería coincidindo coa Festividade do Apóstolo (do 18 ao 31 de xullo), e coa Festividade de San Roque (do 11 ao 17 de agosto)

2.-Proposta sobre a sinatura dun convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Santiago para a realización de actividades de promoción do turismo nos xeodestinos Terras de Santiago e Deza-Tabeirós. Apróbase o convenio que suporá unha achega por parte do Concello de Santiago de 19.625,65 euros.O orzamento global de actividades para 2016 é de 45.000 euros.

3.-Proposta de modificacións no texto do convenio de colaboración coa Fundación Amancio Ortega e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para construír unha escola infantil. Apróbase a proposta.

4.-Proposta relativa á aceptación da conexión de subvención de Consellería de Economía, Emprego e Industria para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidades locais. Acéptase a subvención de 3.200 euros para a contratación dun socorrista.